

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN A

1. Desenvolva o seguinte tema do programa: A consolidación dunha nova forma de escribir na novela. O nacemento do heroe contemporáneo (2 puntos)
2. Relacione as obras cos seus autores/as e períodos (1 punto)

1	A Odisea	X. Luís Méndez Ferrín	Teatro épico, s. XX
2	Crime e castigo	Fiodor Dostoievski	Poesía grega
3	Orgullo e prexuízo	Homero	Novela romántica
4	Nai coraxe e mais os seus fillos	Jane Austen	Poesía galega do século XX
5	Con pólvora e magnolias	Bertolt Brecht	Realismo

3. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):
 - 3.1 Contexto histórico e sociocultural: o autor e a súa época (1 punto)
 - 3.2 Faga unha breve exposición sobre o autor e a súa produción literaria, atendendo á obra seleccionada (1 punto)
 - 3.3 Expoña o tema do fragmento e relación con outros temas importantes da obra: sentido, tratamento dos personaxes, a importancia do espectro etc. (2 puntos)
 - 3.4 Analice as características formais do fragmento e obra (1,5 puntos)
 - 3.5 Faga unha valoración persoal e crítica desta selección e da obra no seu conxunto (0,5 punto)
 - 3.6 Valorarase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

HAMLET

¡Anxos e arcanxos divinos, protexédenos!
 Sexas espírito benigno ou demo maldito,
 veñas coas brisas do ceo ou coas ventoeiras do inferno,
 sexan as túas intencións ruíns ou benéficas,
 preséntaste baixo imaxe tan suxerente
 que quero falarte. Chamareite Hamlet,
 rei, pai, soberano danés. ¡Ouh, respóndeme!
 Non me tortures coa dúbida. Dime
 por que os teus ósos unxidos, sepultados na morte,
 racharon a mortalla, por que a tumba
 na que te vimos pacificamente enterrado
 abriu as poderosas fauces de mármore
 para devolverte. ¿Que significa
 que ti, corpo sen vida, de novo recuberto de aceiro
 veñas contempla-la pálida luz da lúa
 convertendo a noite en pavorosa e a nós en xoguetes da natureza
 axitando violentamente o noso espírito
 con pensamentos fóra do alcance das nosas almas?
 Di, ¿por que? ¿Para que? ¿Que debemos facer?
O espectro faille acenos

William Shakespeare, *Hamlet*. Trad. de Miguel Pérez Romero

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN B

1. Desenvolva o seguinte tema do programa: A literatura romántica (2 puntos)
2. Relacione as obras cos seus autores/as e períodos (1 punto)

1	O segundo sexo	Eurípides	Realismo
2	Oliver Twist	W. Shakespeare	Teatro clásico europeo
3	Macbeth	Ch. Dickens	Teatro grego
4	Himnos á noite	Simone de Beauvoir	Romanticismo
5	Medea	Novalis	Existencialismo, s. XX

3. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):
 - 3.1 Contexto histórico e sociocultural: o autor e a súa época (1 punto)
 - 3.2 A produción literaria de Pessoa, as súas peculiaridades, e importancia de *Poemas de Alberto Caeiro* no conxunto da súa obra (1 punto)
 - 3.3 Explique o tema que trata este poema e a súa relación coa totalidade da obra: a esencia das cousas, a existencia real, a actitude do eu poético etc. (2 puntos)
 - 3.4 Analice as características formais do poema: recursos métricos, estilísticos, retóricos etc. (1,5 puntos)
 - 3.5 Faga unha valoración persoal e crítica do poema e do poemario ao que pertence (0,5 punto)
 - 3.6 Valorarase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

Son un gardador de rabaños.
 O rabaño é os meus pensamentos
 E os meus pensamentos son todos sensacións.
 Penso cos ollos e cos oídos
 E coas mans e os pés
 E co nariz e a boca.

Pensar unha flor é vela e cheirala
 E comer un froito é saberlle o sentido.

Por iso cando nun día de calor
 Me sinto triste de gozalo tanto,
 E me deito na herba,
 E pecho os ollos quentes,
 Sinto todo o meu corpo deitado na realidade,
 Sei a verdade e son feliz.

Poesía de Alberto Caeiro, Fernando Pessoa

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN A

1. Desenvolva o seguinte tema do programa: A literatura grecolatina: o heroe clásico da traxedia e a épica (2 puntos)
2. Relacione as obras cos autores/as e períodos (1 punto)

1	Fausto	Ovidio	Literatura medieval
2	Un cuarto de seu	Goethe	Modernismo
3	O vello e o mar	Virginia Woolf	Literatura clásica alemá
4	Os contos de Canterbury	Ernest Hemingway	Xeración perdida da literatura norteamericana
5	Arte de amar	Geoffrey Chaucer	Literatura latina

3. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):
 - 3.7 Contexto histórico e sociocultural: o autor e a súa época (1 punto)
 - 3.8 Faga unha breve exposición sobre o autor e a súa produción literaria, atendendo á obra seleccionada (1 punto)
 - 3.9 Expoña o tema do fragmento e relacióneo con outros aspectos importantes da obra: a reflexión existencial, a tortura, a intelixencia, o motivo do xadrez, caracterización dos personaxes etc. (2 puntos)
 - 3.10 Analice as características formais do fragmento e obra (1,5 puntos)
 - 3.11 Faga unha valoración persoal e crítica desta selección e da obra (0,5 punto)
 - 3.12 Valorarase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

Despois de cada interrogatorio da Gestapo, os meus propios pensamentos facíanse cargo –con igual dureza– do martirio da pregunta, da pescuda, da tortura e mesmo con máis crueldade se callar, porque aqueles interrogatorios, polo menos, remataban ó cabo dunha hora, pero estes non remataban nunca grazas ó pérfido tormento da soidade. E ó meu redor sempre só a mesa, o armario, a cama, o papel da parede, a xanela, ningunha distracción, ningún lapis para apuntar nada, ningún misto para enredar, nada, nada, nada. Foi entón cando empecei a tomar conciencia da intelixencia diabólica, do terrorífico cálculo psicolóxico que había detrás do sistema do cuarto de hotel. É posible que no campo de concentración tiveses que carrexar pedras ata que che sangrasen as mans e se che conxelasen os pés nos zapatos, ou que te amoreasen con outras dúas ducias de persoas no medio da pestilencia e do frío. Pero verías caras, poderías ver un campo, un carro, unha árbore, unha estrela, calquera cousa, algo, mentres que aquí sempre tña-lo mesmo ó teu redor, sempre o mesmo, un mesmo arrepiente. Aquí non había nada que me puidese distraer dos meus pensamentos, das miñas alucinacións, do meu enfermizo recapitular. E xusto iso era o que eles querían: que afogase nas miñas cavilacións ata que me asfixiasen e non puidese facer outra cousa que cuspias, que declarar, declarar todo o que querías, entregárlle-lo material e as persoas.

Stefan Zweig, *Novela de xadrez*. Trad. de Patricia Buján e Saleta Fernández

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN B

1. Desenvolva o seguinte tema do programa: A literatura na época da Ilustración (2 puntos)
2. Relacione as obras cos autores/as e períodos (1 punto)

1	Cantares gallegos	W. Shakespeare	Literatura latina
2	Eneida	Víctor Hugo	Rexurdimento galego
3	A Nosa Señora de París	Rosalía de Castro	Realismo
4	O Rei Lear	Gustave Flaubert	Teatro isabelino
5	Madame Bovary	Virxilio	Romanticismo

3. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):
 - 3.7 Contexto histórico e sociocultural: o autor e a súa época (1 punto)
 - 3.8 A produción literaria de Pessoa, as súas peculiaridades e importancia de *Poemas de Alberto Caeiro* no conxunto da súa obra (1 punto)
 - 3.9 Explique o tema que trata este poema e a súa relación coa totalidade da obra: a esencia das cousas, a existencia real, o papel da natureza, a actitude do eu poético etc. (2 puntos)
 - 3.10 Analice as características formais do poema: recursos métricos, estilísticos, retóricos etc. (1,5 puntos)
 - 3.11 Faga unha valoración persoal e crítica do poema e do poemario ao que pertence (0,5 punto)
 - 3.12 Valorase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

Se queren que eu teña un misticismo, está ben, téño.

Son místico, pero só co corpo.

A miña alma é simple e non pensa.

O meu misticismo é non querer saber.

É vivir e non pensar niso.

Non sei o que é a Natureza: cántoa.

Vivo na cima dun outeiro

nunha casa caleada e solitaria,

e esa é a miña definición.

Fernando Pessoa, *Poesía de Alberto Caeiro*

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE XUÑO

PREGUNTA 1 (2 puntos)

OPCIÓN A

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- Información sobre o contexto a partir do cambio de século (do XIX ao XX): acontecementos históricos (crise de 1914, depresión económica, auxe dos fascismos, innovacións filosóficas, científicas e técnicas etc.), influencias, iniciativas...
- Información acerca das innovacións no discurso narrativo. Características e novas formas de escribir novela: emprego do monólogo interior, técnicas novelísticas influídas polo cine e outras artes, o narrador dubitativo, múltiples puntos de vista, o nacemento do heroe contemporáneo, o antiheroe...
- Introdución de exemplos de autores e obras. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan a estas obras e/ou autores ou centrarse nun determinado autor e a súa obra, entre outros: J. Joyce, V. Woolf, M. Proust, Th. Mann, F. Kafka...

OPCIÓN B

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- Información sobre o contexto: acontecementos históricos (Revolución Francesa, Revolución Industrial Inglesa), correntes filosóficas relevantes, iniciativas...
- Información acerca dos temas, ambientes, personaxes... e características estilísticas e formais da literatura do Romanticismo. Xéneros cultivados no Romanticismo, entre outros, poesía romántica e novela histórica...
- Introdución de exemplos de autores e obras representativas. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan a estas obras e/ou autores ou centrarse nun determinado autor e a súa obra.

PREGUNTA 2 (1 punto, 0,20 por resposta acertada)

Tanto nunha opción como na outra a resposta só puntuará no caso de que a relación entre os tres elementos sexa correcta.

Non penalizan as respostas incorrectas.

OPCIÓN A

1	<i>A Odisea</i>	Homero	Poesía grega
2	<i>Crime e castigo</i>	Fiodor Dostoievski	Realismo
3	<i>Orgullo e prexuízo</i>	Jane Austen	Novela romántica
4	<i>Nai coraxe e mais os seus fillos</i>	Bertolt Brecht	Teatro épico, s. XX
5	<i>Con pólvora e magnolias</i>	X. Luís Méndez Ferrín	Poesía galega do século XX

Criterios de Avaliación / Corrección

OPCIÓN B

1	<i>O segundo sexo</i>	Simone de Beauvoir	Existencialismo, s. XX
2	<i>Oliver Twist</i>	Ch. Dickens	Realismo
3	<i>Macbeth</i>	W. Shakespeare	Teatro clásico europeo
4	<i>Himnos á noite</i>	Novalis	Romanticismo
5	<i>Medea</i>	Eurípides	Teatro grego

PREGUNTA 3 (7 puntos)

OPCIÓN A e B

Os alumnos/as deberán realizar unha análise literaria a partir de criterios obxectivos e explícitos. O alumnado poderá seguir a estrutura das cuestións ou atender a estas nun comentario globalizado.

O estudante deberá saber situar o autor na súa época histórica e no período literario ao que pertence.

Deberá coñecer a obra á que pertence o fragmento e a produción literaria do autor/a.

O alumnado deberá concretar o tema do fragmento, comentalo, localizalo, aproximadamente, no fío argumental da obra e relacionalo co contido xeral.

O estudante describirá o texto de acordo a criterios de tipoloxía textual, xéneros e modalidades discursivas, e sinalará os recursos formais deste.

Por último o estudante elaborará un comentario crítico, persoal e argumentado sobre o fragmento ou poema proposto. Neste comentario valorarase positivamente a achega de xuízos e ideas coherentes que reflectan unha visión madura e non simplista do tema, tamén a inclusión de ideas e puntos de vista orixinais e ben argumentados.

En todo o exame e nas dúas opcións terase en conta que o alumno/a escriba con corrección e precisión, que a redacción sexa coherente e a argumentación estea ben estruturada.

Por faltas de ortografía nun exame poderase descontar ata un punto. O alumno/a deberá coidar tamén a presentación.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

PREGUNTA 1 (2 puntos)

OPCIÓN A

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- Contextualización. Breve panorama das literaturas grega e latina
- Información acerca das lendas e mitos como fonte principal da literatura grega
- Desenvolvemento dos distintos xéneros literarios. Información sobre o heroe clásico da traxedia e a épica. Código de valores
- Influencia da literatura grega na romana
- Tópicos máis destacados da literatura romana
- Introdución de exemplos de autores e obras. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan a estas obras e/ou autores ou centrarse nun

Criterios de Avaliación / Corrección

determinado autor e a súa obra, entre outros: Homero, Esquilo, Sófocles, Eurípides, Safo, Plauto, Catulo, Virgilio, Ovidio...

OPCIÓN B

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- Información sobre o contexto. Movemento filosófico e cultural que se orixina e desenvolve en Europa, principalmente Francia durante o século XVIII
- Información sobre as características relevantes deste período: espírito crítico, predominio da razón, busca da felicidade, laicismo, desexo de coñecemento, educación, amor á natureza...
- Información acerca dos temas, tópicos, personaxes e características estilísticas e formais da literatura da Ilustración. Xéneros cultivados na Ilustración, principalmente o ensaio. Pode facerse referencia á fábula e ao teatro
- Introdución de exemplos de autores e obras representativas. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan a estas obras e/ou autores ou centrarse nun determinado autor e a súa obra, entre outros, Spinoza, Hume, Voltaire, Rousseau, Feijoo, Jovellanos, Lessing...

PREGUNTA 2 (1 punto, 0,20 por resposta acertada)

Tanto nunha opción como na outra a resposta só puntuará no caso de que a relación entre os tres elementos sexa correcta.

Non penalizan as respostas incorrectas.

OPCIÓN A

1	<i>Fausto</i>	Goethe	Literatura clásica alemá
2	<i>Un cuarto de seu</i>	Virginia Woolf	Modernismo
3	<i>O vello e o mar</i>	Ernest Hemingway	Xeración perdida da literatura norteamericana
4	<i>Os contos de Canterbury</i>	Geoffrey Chaucer	Literatura medieval
5	<i>Arte de amar</i>	Ovidio	Literatura latina

OPCIÓN B

1	<i>Cantares gallegos</i>	Rosalía de Castro	Rexurdimento galego
2	<i>Eneida</i>	Virxilio	Literatura latina
3	<i>A Nosa Señora de París</i>	Víctor Hugo	Romanticismo
4	<i>O Rei Lear</i>	W. Shakespeare	Teatro isabelino
5	<i>Madame Bovary</i>	Gustave Flaubert	Realismo

PREGUNTA 3 (7 puntos)

OPCIÓN A e B

Os alumnos/as deberán realizar unha análise literaria a partir de criterios obxectivos e explícitos. O alumnado poderá seguir a estrutura das cuestións ou atender a estas nun comentario globalizado.

Criterios de Avaliación / Corrección

O estudante deberá saber situar o autor na súa época histórica e no período literario ao que pertence.

Deberá coñecer a obra á que pertence o fragmento e a produción literaria do autor/a.

O alumnado deberá concretar o tema do fragmento, comentalo, localizalo, aproximadamente, no fío argumental da obra e relacionalo co contido xeral.

O estudante describirá o texto de acordo a criterios de tipoloxía textual, xéneros e modalidades discursivas, e sinalará os recursos formais do mesmo.

Por último o estudante elaborará un comentario crítico, persoal e argumentado sobre o fragmento ou poema proposto. Neste comentario valorarase positivamente a achega de xuízos e ideas coherentes que reflectan unha visión madura e non simplista do tema, tamén a inclusión de ideas e puntos de vista orixinais e ben argumentados.

En todo o exame e nas dúas opcións terase en conta que o alumno/a escriba con corrección e precisión, que a redacción sexa coherente e a argumentación estea ben estruturada.

Por faltas de ortografía nun exame poderase descontar ata un punto. O alumno/a deberá coidar tamén a presentación.